



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE
GRADO EN TERAPIA OCUPACIONAL

CURSO ACADÉMICO 2023/2024

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**Estudo mixto sobre a influencia dun ictus nas
ocupacións e calidade de vida das persoas
maiores.**

Paula Portals Lestón

Febreiro 2024

Influencia dun ictus nas ocupacións e calidade de vida das persoas maiores.

- Directoras do traballo:
 - Ana Mendoza Barrán: Terapeuta ocupacional. DomusVi Matogrande. Docente no Grao de Terapia Ocupacional da Universidade da Coruña.
 - María Del Carmen Miranda Duro: Terapeuta ocupacional. Docente no Grao de Terapia Ocupacional da Universidade da Coruña.

CONTENIDO

1. Introducción:	8
1.1 Envellecemento, definición e concepto.....	8
1.2 Contextualización sobre o accidente cerebrovascular.....	9
1.3 Calidade de vida.....	10
1.4 Relación existente entre terapia ocupacional, ictus e calidade de vida.....	11
2. Obxectivos:	14
Obxectivo xeral:	14
Obxectivos específicos:	14
3. Metodoloxía:	15
3.1 Tipo de estudo.....	15
3.2 Posición investigadora.....	16
3.3 Período de estudo.....	16
3.4 Ámbito de estudo.....	16
3.5 Poboación de estudo.....	17
3.5.1 Selección da mostra. Criterios de inclusión e exclusión.....	17
3.6 Entrada ao campo e procedemento.	18
3.6.1 Características da mostra.	19
3.7 Técnica de recollida de datos.	19
3.7.1 Recollida de datos cualitativos.....	19
3.7.2 Recollida datos cuantitativos.....	20
3.8 Análise dos datos.	21
3.8.1 Análise cualitativo.	21
3.8.2 Análise cuantitativo.	22
3.9 Aspectos ético-legais.....	22
3.10 Procura bibliográfica.....	23

4. Resultados:	24
4.1 Resultados investigación cualitativa	24
4.2 Resultados investigación cuantitativa.....	29
5. Discusión.....	32
5.1 Impacto do ictus na CV e nas ocupacións das persoas maiores con ictus.	32
5.2 Repercusión do ictus na vida diaria.....	32
5.3 Cambios no desempeño ocupacional antes e despois do ACV.	33
5.4 Comparación entre a percepción subxectiva e a medición obxectiva da CV.	34
5.5 Limitacións do estudo.....	35
5.6 Futuras liñas de investigación.....	36
6. Conclusións	37
7. Bibliografía:.....	38
8. Anexo.....	47
Anexo I: Táboa de acrónimos.....	47
Anexo II: folla de información ao centro.	47
Anexo III: Consentimento informado ao participante.....	50
Anexo IV: Folla de información ao participante	51
Anexo V: Entrevista semiestructurada aos participantes.....	54
Anexo VI: Busqueda bibliográfica.....	55
Anexo VII:.....	56
Anexo VIII:.....	57

Resumo

Introdución: A idade é un factor de risco do accidente cerebrovascular, as persoas maiores de 80 anos teñen unha probabilidade do 2,5% de sufrir un ictus. A aparición de secuelas, aumenta en función da idade da persoa. Sufrir un ictus pode repercutir directamente na calidade de vida das persoas, sendo susceptibles de intervención dende Terapia Ocupacional.

Obxectivo: O obxectivo principal é investigar o impacto do ictus na calidade de vida e as ocupacións das persoas maiores institucionalizadas en centros xerontolóxicos.

Metodoloxía: Trátase dun estudo mixto, cun deseño secuencial exploratorio, empregando metodoloxía cualitativa e cuantitativa. A mostra seleccionada está formada por 7 participantes. Na parte cualitativa, emprégase unha entrevista semi-estructurada para a recollida da información, a parte cuantitativa, será avaliada coa escala CAVIDACE.

Resultados: Das entrevistas xurdiron diversas categorías que dan resposta aos obxectivos marcados: principais cambios a raíz do ictus, repercusión do ictus no desempeño ocupacional e a CV dende a mirada de persoas maiores con ictus. Todos os participantes do estudo sufriron algunha secuela derivada do ictus, que provocou unha perda de independencia, e en consecuencia, tivo efecto na súa Calidade de Vida e nas súas ocupacións. Na Escala CAVIDACE a media dos Índices de Calidade de Vida é de 97,8 puntos.

Conclusións: O ictus ten un impacto directo na perda de independencia das persoas que o sofren, repercutindo no seu desempeño ocupacional e na súa vida diaria, e producindo unha percepción negativa da Calidade de Vida.

Palabras Clave: Persoas maiores, desempeño ocupacional, accidente cerebrovascular, calidade de vida, institucionalizados.

RESUMEN:

Introducción: Las personas mayores de 80 años tienen una probabilidad del 2,5% de sufrir un ictus. La aparición de secuelas aumenta en función de la edad de la persona. Sufrir un ictus puede repercutir directamente en la Calidad de Vida de la persona, siendo susceptible de intervención desde Terapia Ocupacional.

Objetivo: El objetivo principal es investigar el impacto del ictus en la calidad de vida y las ocupaciones de las personas mayores institucionalizadas en centros gerontológicos.

Metodología: Es un estudio mixto, con un diseño secuencial exploratorio, empleando metodología cualitativa y cuantitativa. La muestra seleccionada está formada por 7 participantes. En la parte cualitativa, se empleará una entrevista semi-estructurada para la recogida de información, la cuantitativa será evaluada con la escala CAVIDACE.

Resultados: De las entrevistas surgieron diversas categorías que dan respuesta a los objetivos marcados: principales cambios a raíz del ictus, repercusión del ictus en el desempeño ocupacional y CV desde la mirada de personas mayores. Todos los participantes del estudio sufrieron alguna secuela derivada del ictus, que provocó una pérdida de independencia y, en consecuencia, una alteración en su Calidad de Vida. En la Escala CAVIDACE la media de los Índices de Calidad de Vida es de 97,8 puntos.

Conclusiones: El ictus tiene un impacto directo en la pérdida de independencia de las personas que lo sufren, repercutiendo en su desempeño ocupacional y en su vida diaria, y produciendo una percepción negativa de la Calidad de Vida.

Palabras Clave: Personas mayores, desempeño ocupacional, accidente cerebrovascular, calidad de vida, institucionalizados.

ABSTRACT:

Background: People over 80 years of age have a 2.5% probability of suffering a stroke. The appearance of sequelae increases depending on the age of the person. Suffering a stroke can have a direct impact on the person's Quality of Life, being susceptible to intervention from Occupational Therapy.

Objective: The main objective is to investigate the impact of stroke on the quality of life and occupations of older people institutionalized in gerontological centers.

Methodology: It is a combined study, with an exploratory sequential design, using qualitative and quantitative methodology. The selected sample includes 7 participants. In the qualitative part of the study, a semi-structured interview will be used to collect information, the quantitative part will be evaluated with the CAVIDACE scale.

Results: Various categories emerged from the interviews that respond to the marked objectives: main changes resulting from the stroke, impact of the stroke on occupational performance and QoL from the perspective of older people. All study participants suffered some sequelae from the stroke, which caused a loss of independence and, consequently, an alteration in their Quality of Life. In the CAVIDACE Scale the average of the Quality-of-Life Indices is 97.8 points.

Conclusions: Suffering a stroke has a direct impact on the loss of independence of people who suffer it, modifying their occupational performance and daily life, and producing a loss in the perception of Quality of Life.

Keywords: Older people, occupational performance, stroke, quality of life, institutionalized.

1. Introducción:

1.1 Envellecemento, definición e concepto.

Segundo a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia no ano 2013; “o envellecemento é un proceso fisiolóxico que comeza na concepción e ocasiona cambios nas características das especies durante todo o ciclo da vida; estes cambios producen unha limitación na adaptabilidade do organismo en relación co medio.” (1).

O mundo está experimentando unha transformación demográfica, prevese que no ano 2050 a porcentaxe de persoas maiores de 60 anos aumente nun 50%, mudando do 10% ao 21% da poboación. En países en desenvolvemento, este incremento será maior, xa que a xeración coñecida como “*baby boomer*” no ano 2030 representará o 25% da poboación (2).

Actualmente en España, a poboación maior de 65 anos representa o 17% da poboación total e estímase que en 2049 chegue ao 37%. No ano 2020, a pirámide de poboación en España atopábase en pleno proceso de envellecemento, segundo os datos estatísticos do Padrón Continuo (INE), a 1 de xaneiro de 2020, o 19,3% da poboación eran persoas maiores. As comunidades autónomas máis envellecidas son Asturias, Castela e León, Galicia, País Vasco, Cantabria e Aragón con proporcións de persoas maiores que superan o 21%. En Galicia, o envellecemento poboacional está a ser cada vez máis relevante, a Comunidade Autónoma está cerca de que o 25% da poboación supere os 65 anos, sendo as provincias de Lugo e Ourense as máis envellecidas en canto a poboación (3-4).

As persoas maiores son o grupo de poboación que máis atención asistencial requiren, ademais, o incremento da esperanza de vida supón unha maior prevalencia de enfermidades crónicas, como poden ser: demencia, diabetes, depresión, perda de audición e visión, osteoartritis, dores de costas e pescozo, hipertensión arterial, entre outras, como consecuencia disto aparece unha diminución da autonomía e independencia por parte da persoa maior (5).

Nun futuro, estimase un aumento da poboación denominada “sobre envellecida”, caracterizada por unha maior dependencia, soidade e pobreza, así como de escaso apoio social, sendo o colectivo que máis preocupa aos profesionais. A vellez está caracterizada tamén pola aparición de diferentes estados de saúde

complexos, habitualmente coñecidos como síndromes xeriátricos, algún deles son: a fragilidade, incontinencia urinaria, caídas, estados delirantes, inmovilidade, infeccións, desnutrición, alteracións en vista e oído, depresión, iatroxenia, e úlceras por presión (5-6).

Nesta liña, unha das enfermidades que se caracteriza por aumentar a súa gravidade canto maior sexa a idade da persoa é o Accidente Cerebrovascular (ACV) (7). Así a incidencia do ACV ou ictus tamén aumenta coa idade. Anualmente en España a incidencia atópase en 120-300 casos/ 100.000 habitantes, e en maiores de 80 anos alcanza cifras de 2500 casos/100.000 habitantes. Aproximadamente en Galicia prodúcese 4.338 ictus ao ano, o que corresponde ao 6% do total dos casos de ACV acontecidos en España (8).

1.2 Contextualización sobre o accidente cerebrovascular

A Organización Mundial da Saúde define o ACV ou ictus como “*unha disfunción neurolóxica aguda, con signos e síntomas derivados da afectación de determinadas áreas do cerebro*” (9). Trátase do termo clínico empregado para definir a perda brusca do fluxo sanguíneo nunha área do cerebro, producindo isquemia e a correspondente perda de función neurolóxica (10). Os ACV pódense dividir en dúas categorías:

- ACV isquémico: Trátase dun infarto cerebral nun territorio arterial. A isquemia cerebral débese á diminución do fluxo sanguíneo; se a interrupción de fluxo é prolongada prodúcese un infarto. Trátase do ACV máis frecuente, 80% de casos.
- ACV hemorráxico: O menos frecuente, producido por hemorraxia espontánea secundaria a arteriopatía, aneurisma ou malformación arterio-venosa (11).

En Europa, a prevalencia do ictus increméntase en función da idade, sendo un 15% en persoas maiores de 85 anos, e un 9,2% no resto da poboación. Esta cifra aumentou ao longo dos anos, debido a un envellecemento progresivo da poboación europea e a unha maior porcentaxe de superviventes do ictus (12).

Con respecto aos factores de risco, a hipertensión arterial é o factor de risco máis importante en persoas asintomáticas. No estudo de Framingham obsérvase un risco sete veces maior en persoas hipertensas. No caso das persoas con enfermidade coronaria, diabetes ou fumadores habituais dobrase o risco de padecer un ACV (13-14).

As secuelas ocasionadas por un ACV varían en función da zona afectada, na maioría dos casos aparece a hemiparesia ou hemiplexía e trastornos da fala como afasias (15). Asemade, algunhas das consecuencias negativas do ictus son, a perda da independencia en Actividades da vida diaria (AVD), a alteración do estado de ánimo e a irrupción da vida social. Estas consecuencias poden ter influencia directa na Calidade de Vida (CV), a cal pode verse alterada polo grado de afectación neurolóxica, a presenza de síntomas depresivos e a idade da persoa (16).

Desta maneira, sufrir un ACV, pode repercutir directamente na CV das persoas. Isto pode ser debido á aparición de novas barreiras no seu día a día.

As funcións mais afectadas tras un ACV son as funcións físicas, como consecuencia das dificultades motoras provocadas polo ictus. Todo isto, engadindo as complicacións asociadas ao repouso prolongado fomentan a dependencia da persoa (17).

1.3 Calidade de vida

Como se mencionou anteriormente, as secuelas ocasionadas por un ACV, poden repercutir na CV das persoas, entendéndose esta como *“a percepción do individuo sobre a súa propia posición na vida dentro do seu contexto cultural e o sistema de valores nos que vive, tamén se teñen en conta as súas metas, expectativas, normas e preocupacións, tratase dun concepto multidimensional e complexo no cal se inclúen tanto aspectos persoais como aspectos ambientais”* (17).

Dende a perspectiva dos profesionais da área socio-sanitaria, as áreas máis importantes para definir a CV, son a saúde e o funcionamento. É de vital importancia entender a CV como un estado de benestar xeral, que abarca tanto indicadores obxectivos e valoracións subxectivas de benestar físico, material, social e emocional, así como o desenvolvemento persoal. Dende este punto de vista, enténdese a CV como o conxunto das condicións de vida e a satisfacción persoal.

Defínense as condicións de vida, como aquelas que engloban a saúde física, as relacións sociais, as actividades funcionais ou a ocupación. Esta definición permítenos comparar a diferentes persoas de forma obxectiva (18-19). Por outra banda, debemos ter en conta a satisfacción coa vida, xa que é necesario ver a CV como a suma da satisfacción nas diversas áreas. De feito, as condicións de

vida poden establecerse obxectivamente mediante indicadores biolóxicos, sociais, materiais e psicolóxicos, a isto sumaríanse os sentimentos subxectivos de cada persoa, reflexándose no benestar xeral (21).

A abordaxe da CV faise cunha perspectiva interdisciplinaria, debido á natureza diversa do propio concepto, unha das principais disciplinas de traballo é a Terapia Ocupacional (TO) (21-22).

1.4 Relación existente entre Terapia Ocupacional, ictus e calidade de vida.

A American Occupational Therapy Association (AOTA) define a TO como “o uso terapéutico das ocupacións da vida diaria con persoas, grupos ou poboacións, co propósito de mellorar ou permitir a súa participación nas ocupacións.” (24) Concretamente, o papel do terapeuta ocupacional dentro dos centros residenciais consiste no adecuado mantemento do desempeño ocupacional, así como conservación e adestramento de habilidades e a adaptación ao novo entorno residencial (22).

O terapeuta ocupacional procura realizar unha labor de rehabilitación ou mantemento das habilidades do individuo cunha visión holística da persoa e coa finalidade de preservar a máxima independencia e autonomía (22-23). Dende a disciplina de TO débense ter as ferramentas necesarias para responder as necesidades das persoas, baseando así a súa intervención no concepto de benestar. O principal obxectivo en TO é conseguir que as persoas alcancen unha participación plena nas súas ocupacións, desenvolvendo así un estilo de vida coa maior independencia e satisfacción posible (24-25).

As ocupacións son as AVD que teñen un valor significativo para a persoa, son recoñecidas e están organizadas tanto polos individuos coma pola cultura. No ano 2003, foron definidas por Crepeau, Cohn e Schell como “*actividades diarias que reflicten valores culturais, proveen estrutura á vida e significado aos individuos, estas actividades relaciónanse coas necesidades humanas de auto-coidado, de desfrute e participación na sociedade*” (26). As ocupacións proporcionan unha organización temporal e facilítanlle un rol á persoa na súa vida. Por outro lado, as ocupacións poden ser un axente para a promoción da saúde e a prevención da enfermidade (28).

Con respecto á TO en persoas maiores, a medida que as persoas envellecen, aparecen novos cambios nas ocupacións que desempeñan, así coma nos roles

que desenvolven dentro da sociedade. Os terapeutas ocupacionais son unha parte fundamental no empoderamento das persoas maiores, promovendo o envellecemento saudable a través da facilitación das ocupacións (29).

Tras consultar literatura científica sobre a temática, encontráronse diversos estudos dende TO no campo do ACV e enfocados na CV.

No traballo que realizaron Bembibre e Alfonso afírmase que, as áreas de maior afectación son as relacionadas cos sentimentos e as emocións, é por isto que recalcan a importancia da reincorporación ao domicilio familiar, na maior brevidade posible, facilitando así o proceso de rehabilitación. Neste estudo tamén se afirma que a afectación da CV está condicionada polas secuelas que aparecen despois de presentar un ictus (30).

Darriba Fraga e Cortés Cabeza, no seu estudo sobre a CV e o Dano Cerebral Adquirido (DCA), obtiveron que o 73% dos participantes contan con un diagnóstico de ACV. Para a realización deste estudo, elaboraron un cuestionario propio, que consta de 20 ítems que engloban as AVD e Actividades Instrumentais da Vida Diaria (AIVD), tamén se lles preguntou acerca da produtividade e do ocio en diferentes ocasións. Tras obter os resultados, afirman que non atoparon relación entre a execución autónoma nas AVD e a CV, pola contra, si que toparon relación entre a independencia nas AVD e a satisfacción dos participantes. Chegaron á conclusión de que as ferramentas actuais para medir a CV en ictus, conteñen gran cantidade de erros, polo que sería necesario desenvolver novas ferramentas específicas para CV (31).

No estudo de Rodríguez, Fernández e Sánchez, emprégase a ferramenta ECVI-38 para coñecer a CV dos participantes. A media de idade da mostra que participou neste estudo é de 58 anos. Afirman que canto maior é a idade da persoa, peor é a percepción da CV. Por outra banda, tamén aseveran que a maior afectación dos participantes atópase no relacionado ao estado físico e á realización das AIVD (32).

Outra das ferramenta para a avaliación da CV en persoas con DCA é a CAVIDACE, empregada no estudo de González e Sánchez. Neste afírmase que existen diferenzas notables entre as puntuacións obtidas nas dimensións da CV, sendo a máis satisfactoria Relacións Interpersoais e a menos Inclusión social. Debemos destacar este dato por mor de que se trata de dúas categorías con temática similar, polo que sería de gran interese estudar o motivo desta diferenza

de puntuación. Por outra banda, nesta investigación (cunha media de idade dos participantes de 69 anos) afirmase que as persoas con idades máis avanzadas, teñen unha peor percepción da súa CV. Finalmente, como premisa para novos estudos, propónse investigar sobre a relación que mantén a independencia da persoa á hora de realizar as AVD coa dimensión de Desenvolvemento Persoal, e a eficacia da intervención dende TO (33).

No traballo de Gil Pérez-Gorostiaga os resultados amosan como a CV dos participantes se veu afectada, sendo as áreas máis comprometidas as relacionadas con relacións socio-familiares e o estado físico da persoa. Por outra banda, neste estudo tamén se demostra que, a maior idade, peor é a CV das persoas con ACV, afectando de forma directa nas persoas maiores (34).

Como se mencionou anteriormente, tanto a poboación española como europea, está a experimentar un envellecemento progresivo polo que se estima que nos próximos anos, aumente a porcentaxe de persoas maiores. Os estudos mencionados anteriormente afirman que a incidencia do ictus aumenta en proporción á idade, polo que unha poboación envellecida aumentaría a prevalencia do ACV na poboación.

Co paso do tempo, a porcentaxe de persoas sobreviventes ao ictus aumenta, polo que cada vez é maior o número de persoas que debe convivir coas consecuencias do ACV. Estas poden ter un gran impacto na CV e nas ocupacións da persoa debido a que afectan tanto a factores físicos como psicolóxicos que poden influír en diferentes áreas da vida da persoa. Dende TO trabállase para fomentar esa CV e fomentar o desempeño nas ocupacións da persoa, facilitando a súa realización e traballando con ferramentas útiles para promover a CV.

Unha vez revisada a literatura consultada con relación á temática do traballo de investigación, chegouse á conclusión de que os estudos sobre a CV das persoas maiores que sufriron un ictus e se encontran institucionalizadas nun centro residencial, é escasa en comparación cos estudos sobre aquelas persoas maiores que residen nos seus fogares, por isto, a proposta deste traballo enfocase en coñecer o impacto do ictus nas persoas maiores institucionalizadas.

2. OBXECTIVOS:

Obxectivo xeral:

Este proxecto ten como obxectivo principal investigar sobre o impacto producido por un ictus na CV e nas ocupacións das persoas maiores que residen en centros xerontolóxicos.

Obxectivos específicos:

- Coñecer a repercusión do ictus na vida diaria.
- Analizar os cambios producidos no desempeño ocupacional antes e despois do ictus en persoas maiores que residen nun centro xerontolóxico.
- Estudar a comparación entre a percepción subxectiva e a medición obxectiva da CV da persoa maior que sufriu un ictus e reside en un centro xerontolóxico.

3. METODOLOXÍA:

3.1 Tipo de estudo.

Este traballo de investigación é un estudo mixto secuencial exploratorio (35). A realización deste tipo de estudo implica unha secuencia específica na cal se recadan primeiro os datos cualitativos seguido da recollida dos datos cuantitativos. O estudo mixto implica combinar e comparar os resultados obtidos de ambos datos, cualitativos e cuantitativos, na procura de patróns, relacións e explicacións, para xerar unha comprensión máis completa do fenómeno investigado (35-36).

Por unha banda, a investigación cualitativa consiste nun deseño fenomenolóxico, coñecido como a investigación na cal “vamos máis aló dos datos” (36). A fenomenoloxía céntrase na comprensión da experiencia vivida polo participante, pretendéndose mostrar a testemuña subxectiva dun informante que recolle as experiencias, opinións, valoracións e conceptualizacións da súa propia existencia, para isto, unha técnica como a entrevista semi-estructurada, axudará a comprender as vivencias dos participantes en primeira persoa, permitíndolles achegar a información que eles vexan necesaria (38-39). A investigación cualitativa analiza exhaustivamente un fenómeno, como é o impacto do ictus na vida diaria dos participantes (40).

Por outra banda, o análise cuantitativo é unha metodoloxía de investigación baseada na recompilación e no estudo de datos numéricos e medidas obxectivas para comprender fenómenos, patróns ou relacións (41). Neste caso utilizarase un deseño observacional, descritivo e transversal, estes son aqueles nos cales a investigadora límitase a observar e describir o suceso observado, sen intervención (42). Este deseño levarase a cabo mediante unha ferramenta de avaliación estándar e validada en español. A investigadora observará os resultados obtidos, e posteriormente serán interpretados pola mesma.

3.2 Posición investigadora.

Antes de comezar co estudo, a investigadora contaba cunha idea preconcebida sobre a influencia dun ictus na CV e nas ocupacións, pero mantívose nunha posición neutral á hora de realizar a entrevista e analizar os resultados do proxecto.

Ao comezo do curso 2022/2023, a investigadora realizou as Estancias Prácticas VII (EP VII) na residencia DomusVi Matogrande (43), e destas prácticas xurdiu o interese polo ámbito das persoas maiores e a idea de realizar este traballo de investigación.

Durante o transcurso das EP VII, a investigadora interesouse polos usuarios de TO que sufriron un ictus, así xurdiu a idea de realizar o Traballo de Fin de Grao (TFG) sobre esta poboación; por outra banda, afianzouse o seu interese por estudar a CV desta poboación, para investigar como cambiou o seu día a día, e como lles afectou persoalmente.

3.3 Período de estudo.

O período de estudo abarca dende marzo de 2023 ata setembro do mesmo ano e abrangue, a entrada ao campo, a realización de entrevistas e o análise dos resultados. Estas fases explicaríanse da seguinte maneira:

- 1º Fase: Consistiu na selección dos criterios de inclusión e exclusión para a posterior escolla dos participantes, unha vez seleccionada a mostra de participantes foi necesario contactar con estes, para explicarlles cal sería o seu papel neste proceso.
- 2º Fase: Unha vez os participantes aceptaron participar no estudo, realizáronse as entrevistas de forma individual, este proceso durou aproximadamente 3 semanas.
- 3º Fase: Unha vez realizadas as entrevistas procedeuse a transcripción das mesmas para un mellor análise, finalmente rematou coa análise dos resultados, a realización da discusión final e a conclusión. Esta etapa estendeuse dende maio ata febreiro.

3.4 Ámbito de estudo.

Esta investigación levouse a cabo en dous centros residenciais pertencentes á empresa DomusVi. Un atopase na cidade da Coruña e outro no concello de Oleiros, nestes centros residenciais coexisten unha variedade de perfís

profesionais como: terapeuta ocupacional, fisioterapeuta, médicos, persoal de enfermería, persoal auxiliar de enfermería, traballador social, psicóloga, persoal de administración e de mantemento, persoal hostaleiro e servizos externos de podoloxía e perruqueira.

A Residencia DomusVi Matogrande, situada na zona urbana de Matogrande (A Coruña), trátase dun centro socio-sanitario que ofrece servizos adaptados as necesidades de cada residente, así como servizos de rehabilitación e de atención xerontolóxica tanto para estancias permanentes como temporais. Conta con 135 prazas, a maioría de carácter privado, 25 prazas están reservadas para a Xunta de Galicia. Dentro do centro, podemos atopar un perfil de usuarios variado, en función das súas capacidades funcionais e o nivel cognitivo.

Con respecto á Residencia DomusVi Coruña, trátase dun centro residencial situado no concello de Oleiros, nun entorno máis rural, conta con 154 prazas, das cales 65 son concertadas pola Xunta de Galicia, a maiores dispón de 40 prazas de centro de día.

3.5 Poboación de estudo.

A esollha dos participantes realizouse mediante unha mostraxe intencionada, posto que se elixiron participantes que cumprían uns criterios de inclusión e exclusión establecidos pola investigadora. Estes permiten delimitar a mostra en función dos intereses da investigación.

3.5.1 Selección da mostra. Criterios de inclusión e exclusión.

Na “Táboa I: Criterios de inclusión e exclusión” atópanse os criterios de inclusión e exclusión que se tiveron en conta no momento de seleccionar os participantes do estudo.

Táboa I: Criterios de inclusión e exclusión

Criterios inclusión	Criterios exclusión
Ser residente do recurso de estudo.	Presentar afasia.
Ter previsto residir neste centro como mínimo os seguintes 3 meses.	Puntuación obtida en Mini-mental test <24.
Ter diagnóstico de ictus hai máis de 1 ano.	
Ser maior de 60 anos.	

3.6 Entrada ao campo e procedemento.

A entrada ao campo fíxose a través dunha das directoras do traballo, terapeuta ocupacional da residencia DomusVi Matogrande, Ana Mendoza xunto coa directora da residencia DomusVi Matogrande. Durante o curso 2022/2023, a investigadora cursou as EP VII na Residencia DomusVi Matogrande, baixo a titoría da terapeuta ocupacional Ana Mendoza, isto facilitou a entrada ao campo debido á relación existente da investigadora co centro seleccionado para o ámbito de estudo.

Nun primeiro momento, realizouse un cribado entre os usuarios da Residencia DomusVi Matogrande, para saber cantos posibles participantes cumprían os criterios establecidos.

Na propia residencia empregase a ferramenta Mini-mental State Examination (MMSE) (45). Esta ferramenta empregouse para facer un cribado final para saber que posibles participantes eran os adecuados para esta investigación. Aqueles usuarios que obtiveron unha puntuación menor a 24 puntos no MMSE quedaron descartados da mostra. Finalmente, na Residencia DomusVi Matogrande seleccionáronse 6 participantes que cumprían cos criterios pautados.

Elaborouse unha folla de información para os centros (consultar Anexo II: folla de información ao centro.) e os posibles participantes (consultar Anexo IV: Folla de información ao participante), na cal se especificaron as características do traballo de investigación e o perfil necesario para levalo a cabo. Simultaneamente, elaborouse un consentimento informado (consultar Anexo III: Consentimento informado ao participante) para os participantes que aceptasen involucrarse no estudo.

O seguinte paso foi o contacto cos propios participantes, para isto, a investigadora solicitou un encontro con estes para explicarlles en que consistía o estudo de investigación, e cal sería o seu papel neste estudo. Dos 6 participantes anteriores, foron 5 os que aceptaron participar no estudo.

A continuación, dende a dirección do centro residencial DomusVi Matogrande, puxéronse en contacto coa Residencia DomusVi Coruña, coa finalidade de coñecer se existían posibles participantes que cumprisen co perfil definido. Unha vez explicado o estudo e os criterios de inclusión e exclusión aos responsables

da Residencia DomusVi Coruña, comunicaron que existían dúas posibles participantes que cumprían cos criterios establecidos.

Nesta ocasión non foi necesario o contacto coas familias dos participantes, debido a que non presentaban deterioro cognitivo, polo cal estaban capacitados legalmente para firmar o documento de consentimento informado. De todas formas, aos participantes que o necesitasen, permitiúselles un tempo dende a entrega da folla de información ata a firma do consentimento informado, por si preferían comentalo coas súas familias.

3.6.1 Características da mostra.

A mostra está composta por sete participantes, dos cales cinco son mulleres e dous homes, dúas destas mulleres son usuarias da residencia DomusVi Coruña e o resto dos participantes do estudo son usuarios da residencia DomusVi Matogrande.

Na seguinte Táboa II destaca a maioría de mulleres dentro deste estudo, así como a maioría de participantes pertencentes á Residencia DomusVi Matogrande, a mostra conta cunha media de idade de 82 anos.

Táboa II: Características da mostra

Código	Sexo	Idade	Residencia
U1	Home	86	Matogrande
U2	Muller	77	Matogrande
U3	Muller	88	Matogrande
U4	Muller	75	Coruña
U5	Muller	92	Coruña
U6	Muller	88	Matogrande
U7	Home	70	Matogrande

3.7 Técnica de recollida de datos.

3.7.1 Recollida de datos cualitativos.

Para a obtención dos datos correspondentes á parte cualitativa, realizouse unha entrevista semi-estructurada cos participantes (46), esta foi deseñada pola investigadora e ten como obxectivo coñecer o impacto do ictus na vida diaria dos participantes. A entrevista permitiranos saber o antes e o despois na vida da

persoa, que cambios apareceron e como afectaron estes cambios na súa CV. A maiores, a entrevista conta con preguntas relacionadas ca propia percepción dos usuarios da súa CV, saber que considera cada persoa CV resulta interesante no momento de facer un estudo e comparar os diferentes resultados obtidos.

No Anexo VI pódese consultar o guión da entrevista, a cal foi dividida en tres bloques, coa finalidade de acadar os OBXECTIVOS marcados ao comezo da investigación.

No primeiro bloque atópanse as preguntas deseñadas para coñecer o desempeño ocupacional dos participantes previo ao ictus.

O segundo bloque contén preguntas sobre a vida dos participantes despois do ictus, os cambios que apareceron e os novos roles que adoptaron. Comparando os dous primeiros bloques, podemos obter información en primeira persoa, de como o ictus, influíu na vida diaria dos participantes.

Por último, o terceiro bloque afonda no concepto de CV dende o punto de vista dos participantes, e a autopercepción que estes teñen da súa CV e as barreiras que encontran na súa vida diaria, que influen nela.

As entrevistas, levaronse acabo nos propios centros residenciais nos que vivían os entrevistados; realizáronse en ambientes reservados, como as propias habitacións dos participantes, ou salas privadas de reunión. A intención da localización das entrevistas era garantir a privacidade dos participantes, así como crear un ambiente de confianza e comodidade. A duración das entrevistas foi de aproximadamente 15 minutos por participante, e estas foron gravadas en audio, para facilitar o posterior análise das respostas.

3.7.2 Recollida datos cuantitativos.

Para obter os datos que engloban a parte cuantitativa do estudo, empregouse a CAVIDACE: Autoinforme, esta escala é específica para coñecer a CV de persoas con ACV, nesta ocasión utilizarase a versión auto administrada polo propio participante. Esta escala realiza unha avaliación multidimensional da CV segundo a opinión da propia persoa, basease no modelo de oito dimensións de Schalock e Verdugo.

A escala componse de 40 ítem cuxo contido fai referencia as dimensións centrais da CV. Esta escala debe ser cumprimentada pola persoa que presente DCA, non obstante recomendase que esté presente unha persoa que

proporcione apoio, para garantir unha adecuada comprensión dos ítem. A ferramenta divídese en dous apartados, por un lado aparecen os datos da persoa avaliada; por outro, o propio cuestionario de CV. (47).

Con respecto as puntuacións da escala CAVIDACE: Autoinforme; deberase sumar a puntuación directa total de cada un dos ítems que a compoñen (0-1-2-3); algunhas dimensións inclúen ítem con valor negativo, nestes casos a puntuación outorgada ás opcións de resposta codifícase á inversa (3-2-1-0). Sumando as puntuacións dos ítems de cada dimensión, calcúlanse as puntuacións directas totais de cada subescala. Na Táboa III (47) atoparemos o baremo para transformar as puntuacións directas en puntuacións estándar, para desta forma obter os percentis.

Para obter o Índice de Calidade de Vida (ICV) do Autoinforme débense sumar primeiro as puntuacións estándar das oito dimensións e anotar o resultado en “Puntuación Estándar Total (suma)” (47).

3.8 Análise dos datos.

Como se mencionou anteriormente, realizouse un estudo mixto secuencial exploratorio, isto significa que se analizaron os datos cualitativos seguidos do análise cuantitativo. Os datos cuantitativos serán útiles para enriquecer e validar os resultados cualitativos. No apartado de discusión podemos observar a combinación de ambos análises e da congruencia entre a información obtida de ambos.

3.8.1 Análise cualitativo.

Con respecto ao análise cualitativo, séguese o modelo de análise temático de Braun e Clarke (48). Este sistema consta dos seguintes pasos a seguir:

- O primeiro paso foi a familiarización cos datos, para isto, realizouse unha transcripción dos datos obtidos, neste caso das entrevistas; a continuación realizáronse diversas lecturas do material e anotáronse as ideas principais que ían xurdindo.
- O seguinte paso foi a xeración de códigos iniciais, para isto foi necesaria a codificación dos aspectos máis relevantes dos datos obtidos nas entrevistas, coa finalidade de clasificar a información obtida. Finalmente,

Influencia dun ictus nas ocupacións e calidade de vida das persoas maiores.

de toda a información recollida realizouse unha recompilación dos datos máis relevantes para cada código.

- Unha vez codificados os datos, realizouse unha procura de temas, que consistiu na elaboración dun mapa temático de análise, onde se idearon diferentes categorías en función dos códigos xerados, así como subcategorías para profundizar mellor na información.
- Unha vez obtido o mapa temático, realizouse unha definición e denominación de temas, que consistiu nun análise continuo de cada tema e unha xeración de definicións e nomes para cada temática.
- O paso final foi a preparación dun informe, tratouse dunha selección e posterior análise final dos fragmentos seleccionados das entrevistas (verbatim). Redactáronse os resultados finais sobre o análise, isto vese reflexado no apartado: “*Resultados investigación cualitativa.*”

3.8.2 Análise cuantitativo.

Por outra banda, para o análise cuantitativo levouse a cabo unha investigación descritiva (49), que buscaba describir o estado actual dunhas variables identificadas. Comezouse calculando o ICV e os percentís. Unha vez calculadas as puntuacións directas, transformáronse en puntuacións estándar, isto permítenos calcular a Puntuación Estándar Total, que seguindo a Táboa VI (47) nos proporciona o ICV.

Unha vez obtidos todos os resultados da CAVIDACE: Autoinforme, calcularase a frecuencia, as medias, o máximo e o mínimo de cada dato recollido, e analizaranse individualmente os resultados de cada participante. Todo isto, será comparado cos resultados da parte cualitativa no apartado de discusión.

3.9 Aspectos ético-legais.

Durante o deseño e o desenvolvemento do estudo, tivéronse en conta os seguintes aspectos éticos e legais.

En primeiro lugar, entregouse unha folla informativa á dirección dos centros, que accederon á realización do estudo; con posterioridade, aos participantes que presentaban o perfil requirido entregóuselles unha folla de información cos detalles do estudo. A continuación, as persoas seleccionadas que decidiron

participar de forma voluntaria, recibiron unha folla de consentimento informado para formalizar así a súa participación no estudo.

Para garantir a protección de datos dos usuarios, respectouse o estipulado na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (50). Para conservar a privacidade e o anonimato dos participantes do estudo, codificáronse de U1 ata U7 (usuario 1 a usuario 7). A folla de información e o consentimento informado foron elaborados segundo o modelo de documentos presentes no Comité Autonómico de Ética de Galicia (CAEI)(51).

Dende TO existe Código de Ética de Terapia Ocupacional aprobado pola AOTA no ano 2000 sobre o que basear a práctica. Este código supón un modelo de referencia para os terapeutas ocupacionais. Os principios éticos da intervención dende TO son os seguintes: principio de non-maleficencia, principio de beneficencia, principio de autonomía e principio de xustiza (49-50).

3.10 Procura bibliográfica.

Realizouse unha procura bibliográfica en diferentes bases de datos científicos como: PubMed, Scopus, OTSeeker, Scielo e Web of Science. Por outra banda, tamén se consultaron diferentes publicacións no repositorio da biblioteca da UDC, igual que diferentes TFG no Repositorio da Universidade da Coruña.

Coa finalidade de coñecer se existía algún estudo que investigase o impacto do ictus na CV e nas ocupacións das persoas maiores, realizouse unha procura específica cos seguintes termos; “Accidente Cerebrovascular”, “Calidade de Vida”, “persoa maior” e “Terapia Ocupacional”, foron introducidos tanto en castelán como en inglés, cos seus respectivos sinónimos. Os anteriores termos procuráronse co conector “AND”, para ver a procura bibliográfica consultar a Táboa V

4. RESULTADOS:

4.1 Resultados investigación cualitativa

A continuación, expóñense as categorías que xurdiron como resultado da análise das entrevistas, de acordo cos obxectivos previamente establecidos. As categorías que emerxeron son as seguintes: principais cambios a raíz do ictus, repercusión do ictus no desempeño ocupacional das persoas que o sufriron e a CV dende a mirada de persoas maiores con ictus.

Principais cambios a raíz do ictus.

Momento do ictus

Esta primeira categoría é froito dos discursos dos/as participantes onde describen e contan a súa experiencia e o impacto que o ictus tivo nas súas vidas. De feito, o momento no que ocorre, xunto coas súas consecuencias posteriores, representan un punto crucial na experiencia das persoas maiores que foron afectadas polo ictus.

U3: "Cambios totales (...) todo cambió radicalmente."

U4: "Pues hubo bastantes (cambios)."

Por unha banda, os participantes lembran con claridade o momento no cal sufriron o ictus. Este recordo débese ao feito de que o devandito evento representou un momento significativo nas súas vidas, sucedendo en situacións cotiás como tendo unha conversa cun amigo.

U3: "Púes me dio aquí un pequeño mareo, y ya me caí"

U1: "Pois estaba falando cun amigo... e en estes momentos, pumba, doume o ictus"

Doutra banda, algúns participantes teñen escasos recordos dese momento, describindo ese instante como un recordo borroso ou mesmo sinalando que non teñen ningún recordo diso. Para estas persoas, o ictus apareceu sen previo aviso.

U4: "me acosté, y cuando me levanté ya no daba"

As principais secuelas despois do ictus

Despois do ictus, todos os/as participantes comentaron que experimentaron algún tipo de secuela, xa sexa de natureza física ou cognitiva. En canto ás secuelas físicas, a hemiplexía foi a predominante, tendo como consecuencia a aparición dunha perda de mobilidade e a necesidade de utilizar unha cadeira de rodas por parte dos participantes.

U3: “La pierna y el brazo, que los tengo inútiles”

U4: “La parte izquierda, que no la podía mover mucho, no tengo fuerza”

Nesta liña, identificouse nas entrevistas que a cadeira de rodas pode ser un dos cambios máis radicais que impacta de forma negativa no día a día das persoas maiores que teñen un ictus.

U7: “cambio más grande fue este (senalando a cadeira de rodas)”

Por outra banda, algúns participantes fan referencia á aparición dalgún tipo de secuela de carácter cognitivo como poden ser cambios no estado de ánimo ou perdas de memoria.

U5: “yo quería recordar todo lo que tenía que hacer, pero no era capaz”

U6: “cambió todo, eu tiña un humor precioso”

As consecuencias a longo prazo tras o ictus

As principais consecuencias a longo prazo tras sufrir un ictus poden derivar na xubilación da persoa e na finalización da súa vida laboral, ou ter que trasladarse a unha residencia de persoas maiores. Sendo o principal motivo destes cambios as secuelas a nivel físico, sumado a persoas que vivían sos ou cuxos familiares non podían facerse cargo dos seus coidados.

U3: “me vine para la residencia.”

U4: “mi hijo y mi marido trabajaban, yo estaba sola toda la mañana.”

Como se mencionaba, a longo prazo, derivado das consecuencias do ictus e a perda de independencia poden ser un motivo de pre xubilación, para aquelas persoas que se atopan en idade laboral. Neste estudo, dous dos entrevistados estaban activos laboralmente, e tan só un tivo o ictus como motivo de pre-xubilación, cambiando así radicalmente as súas ocupacións diarias.

U7: “eu estaba traballando aí, e foi cando me dou o ictus.”

Sen embargo non todos os participantes se viron nesta situación, algúns xa vivían na residencia no momento do ictus, ou non foi necesario o ingreso nun centro residencial.

U6: “o ictus doume ao principio de chegar á residencia.”

U1: “Vivía na casa, eu teño unha finca, e estaba na finca.”

Repercusión do ictus no desempeño ocupacional das persoas que o sufriron.

Nesta segunda categoría descríbese o impacto do ACV no desempeño ocupacional das persoas maiores entrevistadas. Como se explicou na categoría anterior, todos os participantes experimentaron secuelas que levaron, na súa maioría, a procesos de institucionalización, así como casos illados de xubilación. Na maioría dos casos, as consecuencias do ictus resultaron nunha perda significativa de independencia. Os participantes manifestaron que, tras o ictus, volvéronse incapaces de levar a cabo as súas actividades diarias con normalidade, xa sexa debido á hemiplexía causada polo ictus, ou as secuelas cognitivas.

U4: “no podía hacer nada (...) no podía hacer las cosas, las que hacía las hacía mal.”

Pese a todo, un participante non presentou secuelas que interferisen no seu día a día. Polo tanto, o ictus repercutiu no seu nivel de independencia de forma diferente.

U1: “aos oito días xa estaba en movemento.”

As principais limitacións identificadas polos/as participantes enfócanse na imposibilidade de realizar actividades como o lavado ou vestirse de forma independente.

U3: “En todo, para vestirme, para ducharme a veces para sentarme en el cuarto de baño, para ponerme la compresa...”

U4 :”después ya no podía, quede como un traste viejo.”

U5: “: Pues en todas, estirar las piernas me resulta imposible.”

Por outra banda, hai participantes que son parcialmente dependentes, necesitando axuda á hora de realizar as AVD ou AIVD. Nalgunhas ocasións aparece o factor do medo, o cal acentúa a dependencia, de feito varias persoas falan do temor a caer ou a facerse dano, o que lles impide realicen as AVD con normalidade.

U2: “yo sin ayuda no consigo hacer mi vida normal... Si, necesito apoyo, sobretudo en la ducha.”

U4: “me cambio sola, pero me da miedo, me puedo resbalar y caerme.”

U7: “quiero que este una persona presente cuando me levanto, porque siempre tengo miedo a caerme, y así me siento más seguro.”

Varias das persoas entrevistadas, mencionan que non se senten eles mesmos, xa que afirman que tras o ictus, apareceu a perda de independencia que supuxo unha sensación de impotencia á hora de levar a cabo as súas actividades cotiás. Tras o aumento da dependencia aparece unha perda da identidade persoal por parte dalgunhas persoas maiores identificándose coma seres sen utilidade.

U3: “; yo no era la misma, de poder hacer todo pasé a no poder hacer nada.”

U4: “ya no podía, quedé como un traste viejo.”

A pesares de que tan só eran dous os participantes que e topaban traballando no momento do ictus, para o resto das participantes tamén supuxo un cambio nos seus roles do día a día. Todas as participantes mulleres exercían o rol de ama de casa ou de coidadoras, pero tras o ACV isto cambiou, pasaron a ser elas quen necesitaron os coidados, o que provocou en algunhas ocasións un sentimento de carga.

U2: “porque todo el mundo estaba pendiente de mi.”

U4: “Para mi hijo y mi marido era una carga.”

A CV dende a mirada de persoas maiores con ictus

Nesta categoría trátase o significado e concepto que teñen as persoas maiores que sufriron un ictus sobre a CV. En primeiro lugar, todos os participantes definiron a CV con algún sentimento relacionado coa paz, coa liberdade ou co cariño á familia.

U1: “ Yo...la paz, el cariño y la paz.”

U7: “para min, ser libre”

Tras a perda de independencia consecuencia do ictus, cobra importancia o estado mental e cognitivo conservado, converténdose no maior impulsor emocional dos participantes; grazas a isto conseguen manter unha boa saúde mental, a pesares da difícil situación que atravesan.

U2: "De cabeza gracias a dios estoy perfectamente. (...)y yo tiré para adelante."

Por outra banda, relacionase a CV con aspectos máis ligados as relacións interpersoais. Os vínculos cos familiares e seres queridos cobran forza, e son un punto chave á hora de percibir a CV.

U6: "lévome ben con todo o mundo, lévome ben ca miña familia"

U2: "llevarte bien con todo el mundo, que la familia se hable y se relacione"

Do mesmo xeito, a maioría dos participantes aseguran manter unha boa CV, pero incomparable coa que tiñan antes do ACV, afirmando que relacionan a perda de CV co aumento da dependencia.

U3: "Calidad de vida era de la antes, la de ahora mirado así tampoco está mal, porque estoy bastante bien, pero no se puede comparar, noté un cambio total"

U1: "agora non estou mal, aínda que calidade de vida era a de antes, antes era un home completo, agora hai moitas cousas nas que teño impedimentos. "

Tan so un dos participantes asegura estar descontento coa súa CV, debido a que o seu concepto vai ligado coa liberdade, que nesta nova situación vese limitada debido a perda de independencia.

U7: "a silla impídeme ser libre"

Por outra banda, cabe destacar a resposta dunha das entrevistadas, a cal afirmaba percibir unha mellora na súa CV, isto garda relación co tema tratado anteriormente sobre o cambio de roles das persoas tras o ictus.

U2: "A mi me cambió para mejor."

Nunha ocasión, unha das participantes fai referencia á fugacidade da vida, e a necesidade de aproveitar cada momento, referíndose a que en calquera momento, pódese ver frustrada a nosa liberdade e independencia.

U4: "que el que pueda vivir bien que lo haga, que la vida es muy corta y hay que aprovechar cuando se puede".

4.2 Resultados investigación cuantitativa.

Tras finalizar a implantación da CAVIDACE: Autoinforme, comezouse a facer un análise de datos cuantitativos, para extraer toda a información posible, e posteriormente realizar unha comparación coa parte cualitativa.

Índice de Calidade De Vida

A continuación, mostrase a Ilustración I co ICV de cada participante.




Ilustración I: Índice de CV

Con respecto ao ICV, todas as puntuacións están comprendidas entre o 80 (a máis baixa) e o 118 (a máis elevada), a media do ICV é de 97,8 puntos.

O participante coa puntuación máis baixa é U5, cun ICV de 86, seguido de U1 e U4 cun ICV de 91. Os tres participantes, coinciden en que as súas dimensións da CV con menor puntuación son: Inclusión Social, Desenvolvemento Persoal, e Autonomía. As puntuacións máximas destes tres participantes tamén son nas mesmas categorías, estas foron; Benestar Emocional e Benestar Material.

